

RES

IX FESTIVAL INTERNACIONAL  
MÚSICA CONTEMPORÁNEA  
A CORUÑA

23/04

30/05

[resisfestival.com](http://resisfestival.com)

música | arte | ciencia | tecnoloxía

# DESBORDAR A MÚSICA CONTEMPORÁNEA, INTEGRAR A CREACIÓN



RESIS | Festival de Música Contemporánea da Coruña é unha plataforma dedicada á creación sonora contemporánea que se celebra anualmente desde 2018 cun éxito crecente. Tras oito edicións, o festival consolidouse como un modelo plenamente recoñecido e un referente de **prestixio a nivel local, nacional e internacional**, transcendendo as fronteiras galegas con intervencións en cidades como **Madrid** e **Roma**.

O festival concíbese como un **espazo de encontro multidisciplinar** onde a música é o motor principal, en constante diálogo coa arte, a ciencia e a tecnoloxía.

RESIS promove a súa programación desde un contexto íntimo, apostando pola procura e difusión de novas propostas desde o risco e a exploración de novos códigos culturais.

A través do diálogo entre o local e as correntes internacionais, o festival desenvolve proxectos que interpelan á **memoria** e á **identidade**, transformando o **patrimonio da cidade da Coruña** mediante a acción cultural e un pensamento crítico.

# OS NÓSOS VALORES

**IMPULSO** | Promover a creación e a difusión da música contemporánea en Galicia, apoiando artistas e proxectos innovadores.

**VERSATILIDADE** | Ofrecer unha programación plural que abarca desde solistas e pequenos ensembles ata grandes formacións sinfónicas e propostas de artes performativas.

**DIÁLOGO** | Crear un espazo vivo de encontro entre creadores, intérpretes e público, fomentando intercambios artísticos e culturais.

**INCLUSIÓN** | Garantir o acceso á música contemporánea a través de proxectos formativos, educativos e sociais, promovendo a participación de públicos diversos.

**RESIGNIFICACIÓN** | Converter espazos patrimoniais e arquitectónicos en escenarios singulares, xerando novas perspectivas e experiencias sobre o territorio



# PROGRAMACIÓN RESIS 2026

CONCERTO INAUGURAL <b>CAPELA ROTHKO</b> CORO OSG & GALLAECIA ENSEMBLE BARROCO & KEA ENSEMBLE	23/04/2026 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO [A CORUÑA]
CONCERTO <b>FENDAS DO SILENCIO</b> REAL FILHARMONÍA DE GALICIA	30/04/2026 AUDITORIO DE GALICIA [SANTIAGO DE COMPOSTELA]
CONCERTO <b>UNDERSONGS</b> SIGMA PROJECT	02/05/2026 MUSEO A DOMUS [A CORUÑA]
CONCERTO <b>IRONIC CONCERT</b> BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA	07/05/2026 TEATRO COLÓN [A CORUÑA]
CONCERTO <b>RESIS.LAB</b> REAL FILHARMONÍA DE GALICIA	08/05/2026 AUDITORIO DE GALICIA [SANTIAGO DE COMPOSTELA]
INSTALACIÓN SONORA <b>AQUA MATRIX</b> AQUA MATRIX	09/05/2026 MUSEO MUNCYT [A CORUÑA]
CONCERTO   <b>ARS UMBRAE</b> ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA	15/05/2026 PALACIO DA ÓPERA [A CORUÑA]
INSTALACIÓN SONORA/ CONCERTO   <b>TO HO BOC GE A/V</b> JUAN LESTA & MARCO MARIL	16/05 - 30/05 SALA DE EXPOSICIÓN DO PALACIO MUNICIPAL [A CORUÑA]
PERFORMANCE   <b>COMO PEIXE FÓRA DA AUGA</b>   ANA GESTO	23/05/2026 AQUARIUM FINISTERRAE [A CORUÑA]
CONCERTO   <b>A VOZ DE OFELIA</b> LUNA CELEMÍN & CHRISTIAN CAMINO	24/05/2026 MUSEO DE BELAS ARTES [A CORUÑA]
CONCERTO   <b>ENTRE FELDMAN</b> ARXIS ENSEMBLE & NIÑO DE ELCHE	30/05/2026 PLATÓ VIRTUAL CIDADE DAS TIC [A CORUÑA]
CONCERTO EXTRAORDINARIO   <b>ENTRE FELDMAN</b> ARXIS ENSEMBLE & NIÑO DE ELCHE	06/06/2026 CÍRCULO DE BELLAS ARTES [MADRID]
CONCERTO NOÈ RODRIGO & MARGARITA RODRÍGUEZ	XUÑO 2026 REAL ACADEMIA DE ESPAÑA EN ROMA

**CAPELA ROTHKO**  
**GALLAECIA ENSEMBLE BARROCO**  
**KEA ENSEMBLE**  
**CORO OSG**  
**DIRECCIÓN / ENRIQUE AZURZA**

23/04/2026

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO  
20:00H

A música do barroco e a creación contemporánea únense para redefinir a idea de tradición e a lectura temporal da historia da música. O grupo galego Gallaecia Ensemble Barroco, experto en música antiga, e o grupo vocal KEA de Bilbao, presentan este proxecto colaborativo co Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia para a inauguración da 9ª edición do Festival RESIS.

Este concerto, que circula en torno á idea da cantata no barroco e na actualidade, presenta a obra *Rothko Chapel*, escrita polo compositor neoyorquino Morton Feldman en homenaxe á pintura de Mark Rothko, e unha peza do compositor bilbaíno David Azurza. O programa inclúe a estrea absoluta dunha nova encarga do festival á compositora galega Carme Rodríguez.





## **PROGRAMA**

*Ad Pedes* | Dietrich Buxtehude

*Behelaino isila e Bost argi diz-dizka* | David Azurza

*Haeresis* | Carme Rodríguez **Estrea absoluta**

*Ad Latus* | Dietrich Buxtehude

*Rothko Chapel* | Morton Feldman

*Ad Manus* | Dietrich Buxtehude

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Gallaecia Ensemble Barroco** | **Galicia** | Agrupación galega que explora a intersección entre música antiga e contemporánea mediante o uso de instrumentos históricos e propostas escénico-performativas de vangarda.

**KEA Ensemble** | **País Vasco** | Formación vocal especializada en música actual e técnicas estendidas, recoñecida pola súa colaboración estable en festivais internacionais e proxectos de investigación sonora.

**Coro OSG** | **Galicia** | Formación estable da Orquestra Sinfónica de Galicia desde 1998.

É un referente en grandes producións sinfónico-corais e destaca polo seu compromiso coas estreas e a creación actual.

**Enrique Azurza** | **País Vasco** | Director fundador do grupo vocal profesional KEA, especializado en música contemporánea. Director artístico da Sociedade Coral de Bilbao desde abril de 2016.

Dirixiu desde 1985 ata 2024 o Coro Hodeiertz de Tolosa. É director artístico do Certame Coral de Ejea de los Caballeros.

**Laura R. Iturralde** | **Galicia** | Adícase á plástica escénica desde 2015, especializándose na dirección de arte para espectáculos en vivo, máis concretamente na rama de iluminación e visuais.

CONCERTO

# FENDAS DO SILENCIO

REAL FILHARMONÍA

DIRECCIÓN / JOSEP PLANELLS

PERCUSIÓN / NOÉ RODRIGO / ADÉLAÏDE FÉRRÈRE

30/04/2026

AUDITORIO DE GALICIA  
20:30H

Por primeira vez no Festival RESIS, colaboramos coa Real Filharmonía de Santiago de Compostela, que se suma á programación do festival cun concerto homenaxe á compositora Rebecca Saunders [León de Ouro da Bienal de Venecia 2025].

Un concerto que sitúa á Filharmonía no centro da creación actual, explorando a potencia do seu son contemporáneo. O programa inclúe a estrea absoluta dunha obra de Francisco Domínguez, xunto a pezas fundamentais de Rebecca Saunders e Francisco Guerrero.





## **PROGRAMA**

*Negra sombra* | Francisco Domínguez. **Estrea absoluta.**

*VOID* | Rebecca Saunders . **Estrea en España**

*Coma Berenices* | Francisco Guerrero. **Estrea en Galicia**

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Real Filharmonía de Galicia [RFG]** | **Galicia** | Fundada en 1996, é unha das orquestras máis respectadas de España. Destaca polo seu equilibrio entre a gran tradición sinfónica e un compromiso firme coa música actual, colaborando habitualmente con creadores de vangarda.

**Josep Planells** | **Comunidade Valenciana** | Director e compositor de referencia na nova xeración europea. Especializado no repertorio contemporáneo, é recoñecido pola súa precisión técnica e a súa capacidade para abordar obras de gran complexidade estética e sonora.

**Noè Rodrigo & Adélaïde Férière** | **Galicia** | **Francia** | Percusionistas de referencia na música contemporánea. Desenvolven unha intensa carreira internacional como solistas, centrada na interpretación de novas linguaxes e na investigación sonora.

CONCERTO

# UNDERSONGS

SIGMA PROJECT


CHAYA CZERNOWIN

02/05/2026

A DOMUS  
20:00H

O Festival RESIS presenta un concerto en coprodución con **weit! neue musik weingarten** e o renombrado **Festival de Outono de Varsovia** para presentar unha nova obra da compositora Chaya Czernowin a cargo do grupo Sigma Project. Unha proposta inmersiva de vangarda onde o son do cuarteto de saxofóns dialoga cunha escenografía creada especificamente pola artista Iria do Castelo para este espazo.

O concerto cobra especial relevancia polo seu carácter innovador e interdisciplinar. Este museo, dedicado á divulgación da ciencia e a tecnoloxía, ofrece un marco único para que a música contemporánea explore novas formas de interacción coa materia, o espazo e o son. A proposta de Sigma Project encaixa de maneira natural neste contexto, permitindo que o público experimente unha fusión entre creación sonora e tecnoloxía, en liña coa filosofía do Festival RESIS de xerar experiencias inmersivas e de diálogo entre disciplinas.





## **PROGRAMA**

*Undersongs* | Chaya Czernowin | **Estrea absoluta**

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Sigma Project** | **País Vasco** | Máis que un cuarteto de saxofóns, Sigma Project é un proxecto artístico de referencia internacional centrado na música contemporánea e experimental de alto nivel. Cunha presenza estable nos ciclos de música actual máis prestixiosos do mundo, o grupo destaca pola súa excelencia técnica e o seu compromiso coa innovación, traballando man a man cos creadores máis importantes do noso tempo para expandir os límites do seu instrumento.

**Chaya Czernowin** | **Israel/ EE UU** | A súa música foi interpretada en todo o mundo polas mellores orquestras e intérpretes de música contemporánea e foi a primeira muller en ser nomeada profesora de composición na Universidade de Música e Artes Escénicas de Viena (Austria) (2006-2009) e na Universidade de Harvard (EE UU), onde segue na actualidade.

CONCERTO

# IRONIC CONCERT

BANDA MUNICIPAL DA CORUÑA

DIRECTOR/ JUAN MIGUEL ROMERO LLOPIS

OBOE SOLISTA /AITOR LLIMERÁ

07/05/2026

TEATRO COLÓN  
20:00H

A Banda Municipal de Música da Coruña [BMMC] Presenta un programa sobre a nova escritura para instrumentos de vento, con composicións de Nani García, Ximo Tarín e Karel Husa a a estrea en Galicia de *Ironic Concert*, de Voro García.





## **PROGRAMA**

*From Whom The Idiophones Toll?* | Nani García

*Concierto sobre textos futuristas de Joan Salvat-Papasseit* | Ximo Tarín Micó

*Ironic Concert* | Voro García | **Estrea en Galicia**

*Music For Prague* | Karel Husa

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Banda Municipal da Coruña [BMMC]** | **Galicia** | Dirixida por Juan Miguel Romero Llopis, a BMMC é unha das institucións musicais con máis arraigo e prestixio de Galicia. Cunha traxectoria centenaria, a formación soubo reinventarse para converterse nun referente de modernidade, destacando polo seu compromiso coa creación contemporánea e a difusión de novas linguaxes sonoras. A súa programación integra desde grandes clásicos ata arranxos de vangarda, sempre cun forte enfoque pedagóxico e unha estreita vinculación coa comunidade local.

**Aitor Llimerá** | **Comunidade Valenciana** | Destacado oboista e compositor valenciano. Iniciou a súa formación musical na Escola da Banda Primitiva de Llíria co seu pai, continuando no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia, onde obtivo a Mención de Honra e o Premio Final de Carrera. Posteriormente, estudou Composición en Castelló e doutorouse Cum Laude en Música pola Universitat Politècnica de València.

# RESIS.LAB IV

08/05/2026


AUDITORIO DE GALICIA [SANTIAGO DE COMPOSTELA]  
20:30H

**RESIS.LAB** é un espazo de creación e experimentación, aberto á mocidade creadora de todo o mundo que se centra en poder brindar ás novas xeracións de compositores e compositoras unha contorna de reflexión e laboratorio con grupos profesionais.

Nesta nova edición, con **máis de 70 candidaturas de países como España, Italia, Alemaña, EEUU, Reino Unido, Xapón, China, Corea, Francia e Suíza**, foron seleccionados 6 compositores/as. Este obradoiro, en colaboración coa Real Filharmonía de Galicia, contará co compositor e Premio Nacional de Música José Manuel López López como tutor durante os cinco días que dura o encontro.

Traballaranse aspectos formais e contarase coa orquestra para indagar e profundar sobre a escritura orquestral, así como reflexionar sobre as novas maneiras de facer música hoxe en día.





## **PARTICIPANTES SELECCIONADOS**

*Fragments In Fragments* | Arsen Babajanyan | [Armenia](#) | [Estrea absoluta](#)

*Deixar ser al buit* | Mar Caballer Llopis | [Valencia](#) | [Estrea absoluta](#)

*Reactors* | John Franek | [EEUU](#) | [Estrea absoluta](#)

*Infinito* | Maria Vicenza Cabizza | [Italia](#) | [Estrea absoluta](#)

*Ciudades, restos de piel y otros ruidos* | Humberto Diaz Galindo | [Vigo](#) | [Estrea absoluta](#)

*Aleaciones* | Andrés Poveda | [Colombia](#) | [Estrea absoluta](#)

## **EQUIPO ARTÍSTICO E DOCENTE**

**Real Filharmonía de Galicia (RFG)** | [Galicia](#) | Fundada en 1996 e con sede permanente no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, é unha das formacións sinfónicas máis respectadas de España. Destaca pola súa versatilidade e polo seu compromiso coa música actual, colaborando estreitamente con creadores vivos para actuar como ponte entre a tradición e as novas linguaxes sonoras.

**Jose Manuel López López** | [Comunidad de Madrid](#) | En 1996 foi bolseiro pola Association Française d'Action Artistique (AFAA) para realizar un proxecto de composición (*Haïkus d'automne*) en Villa Kujoyama en Kioto, e en 1997, foi bolseiro pola Academia Española de Belas Artes de Roma. A finais de 2007 tomou a dirección artística do Auditorio Nacional de Música de Madrid, cargo que desempeñou ata 2011. No 2000 o Ministerio de Cultura otorgoulle o Premio Nacional de Música na modalidade de composición. En 2012 recibiu o premio da Fondation Francis et Mica Salabert pola súa obra *Metro Vox In Memoriam Iannis Xenakis*. En 2013 a Académie Française de Beaux Arts concedeulle o premio René Daumesnil.

**Armando Merino** | [Comunidade de Madrid](#) | Director de orquestra, premiado en 2020 coa primeira bolsa para mozos directores outorgada polo International Kurt Masur Institute, The Opera Ache e o Impuls Festival. No ano 2015 foi escollido polo Ensemble Modern como director musical da Internationale Ensemble Akademie no festival Klangspuren de Innsbruck.

# A PROYECCIÓN SONORA/ AQUA MATRIX

09/05/2026

MUNCYT  
13:00H

A Proyección Sonora é un proxecto inclusivo e colaborativo do Festival RESIS 2026, que busca fomentar a participación de persoas con diversidade funcional na creación sonora e nas artes contemporáneas. Durante os talleres, os participantes exploran técnicas de son e composición, promovendo a aprendizaxe, a colaboración e a visibilización do talento creativo de todas as persoas implicadas. O proxecto culminará coa presentación dos resultados o 16 de maio,, amosando as creacións desenvolvidas e celebrando a diversidade e a creatividade colectiva.

A iniciativa conta coa colaboración de diversas asociacións de persoas con discapacidade, como ASPRONAGA e FAXPG, e mantén un vínculo estreito co Museo de Ciencia e Tecnoloxía MUNCYT, que apoia o espazo e a difusión do proxecto, reforzando a súa dimensión educativa, cultural e accesible.



# ARS UMBRAE

## ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

### DIRECTOR/JOSEP PLANELLS

15/05/2026

PALACIO DA ÓPERA  
20:00H

Baixo o título *Ars Umbrae*, este programa explora o concepto da sombra e o "soño escuro" a través do son orquestral. A proposta establece un diálogo entre os preludios de Wagner e as linguaxes contemporáneas de Jacobo Gaspar e Georg Friedrich Haas, creando unha atmosfera inmersiva que redefine os límites do espazo sinfónico tradicional.





## **PROGRAMA**

*Lohengrin Preludio Acto I* | Richard Wagner

*Ars Umbrae* | Jacobo Gaspar | **Estrea en España**

*Lohengrin Preludio III* | Richard Wagner

*Dark Dreams* | Georg Friedrich Haas | **Estrea en España**

*Liebestod* | Richard Wagner

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Orquestra Sinfónica de Galicia [OSG]** | **Galicia** | Fundada en 1992 e con sede na Coruña, é unha das formacións sinfónicas máis prestixiosas de España. Referente internacional pola súa calidade técnica, destaca polo seu compromiso firme coa creación actual e os ciclos formativos.

**Josep Planells** | **Comunidade Valenciana** | Director e compositor de referencia na nova xeración europea. Especializado no repertorio contemporáneo, é recoñecido pola súa precisión técnica e a súa capacidade para abordar obras de gran complexidade estética e sonora.

**Laura R. Iturralde** | **Galicia** | Adícase á plástica escénica desde 2015, especializándose na dirección de arte para espectáculos en vivo, máis concretamente na rama de iluminación e visuais.

INSTALACIÓN SONORA/ CONCERTO ESTREA ABSOLUTA, OBRA DE ENCARGA DO FESTIVAL

# TO HO BOC GE A/V


16/05 - 30/05

SALA DE EXPOSICIÓNS DO PALACIO MUNICIPAL  
20:00H

LOCALIZACIÓN: ANTIGA BOCINA DE NÉBOA DA TORRE DE HÉRCULES (A CORUÑA)

TO HO BOC GE a/v é un concerto con proxeccións audiovisuais deseñada especificamente para habitar e resignificar a **antiga bocina marítima da Torre de Hércules**. A peza utiliza a posta de sol como motor natural e detonante cronolóxico, transformando o horizonte e o mar en materia creativa a través de sistemas xerativos de son e vídeo en tempo real.

O proxecto **recupera a memoria dun patrimonio industrial** en desuso: a bocina, que historicamente emitía sinais cara ao mar, convértese aquí nunha pantalla receptora de novas mensaxes poéticas. Unha experiencia inmersiva onde a tecnoloxía dialoga coa paisaxe e a memoria sonora da costa coruñesa.





## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Juan Lesta | Galicia |** Artista visual e director audiovisual, o seu traballo recente está centrado na paisaxe e o diálogo entre a experimentación audiovisual e a música, así como na intervención do espazo natural mediante instalacións inmersivas lumínicas (Colectivo Tronante). Como director de vídeos musicais traballou para músicos como Brian & Roger Eno ou Carlos Ordóñez. Os seus traballos en diferentes formatos e soportes foron exhibidos en museos e centros culturais como Pompidou Metz (Francia) Heinz Nixdorf MuseumsForum (Paderborn, Alemaña), CGAC (Santiago de Compostela, Galicia), CDAN Centro de Arte y Naturaleza (Huesca), ou ARTIUM (Vitoria-Gasteiz, País Vasco) entre outros.

**Marco Maril | Galicia |** Músico, técnico de son e deseñador sonoro para todo tipo de proxectos audiovisuais e multimedia. Como músico, leva máis de 20 anos publicando discos baixo distintos nomes (Marco Maril, Apenino, Dar Ful Ful...). Ademais, desde 2015 realiza música de librería para todo tipo de medios audiovisuais e encargos personalizados para distintas marcas e institucións. Como técnico de son e deseñador sonoro, ten traballado en multitude de proxectos, para cinema, videoarte e danza, xunto a artistas e realizadores como Fon Cortizo, Lucía Estévez, Juan Lesta, Xísela Franco, Roi Fernández, Berio Molina, Alex Cancelo, Carme Nogueira, Iria Vázquez, Eva Díez, Sara Traba, Illa Bufarda... En 2021 foi nomeado aos premios Mestre Mateo 2021, da Academia Galega do Audiovisual, na categoría de mellor son pola película *9 fugas*.

PERFORMANCE ESTREA ABSOLUTA, OBRA DE ENCARGA DO FESTIVAL

# COMO PEIXE FÓRA DA AUGA

## ANA GESTO

23/05/2026

AQUARIUM FINISTERRAE  
20:00H

Performance ligada ao contexto, inseparable do lugar onde acontece: na sala Nautilus do Aquarium Finisterrae e na súa terraza aberta ao Atlántico. Un lugar con carácter inmersivo e orgánico e o seu exterior, que abre e presenta o corpo e a mirada ao horizonte.

Convida ao público a unha experiencia activa a través do desprazamento e o son, dialogando coa artista e a fauna mariña, diluíndo as fronteiras entre observador e observado, entre interior e exterior.





## **EQUIPA ARTÍSTICO**

**Ana Gesto** | Galicia | (Santiago de Compostela, 1978) é artista visual e performer, licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Na súa traxectoria conta coa participación en numerosos festivais e exposicións a nivel nacional e internacional. A súa obra fusiona performance, escultura e experimentación sonora. Traballa con obxectos de forte carga simbólica e co son como elemento esencial, explorando a identidade e o territorio, dándolle especial relevancia ao espazo público e social.

# A VOZ DE OFELIA

LUNA CELEMÍN

CHRISTIAN CAMINO


24/05/2026

MUSEO DE BELAS ARTES

12:30H

Unha proposta íntima que explora a evolución da canción de cámara e o lied desde a linguaxe do romanticismo tardío ata as estéticas máis exixentes da creación actual. O concerto establece un fío condutor entre a tradición alemana e a música de compositores fundamentais da actualidade como Wolfgang Rihm e José María Sánchez-Verdú, culminando coa icónica e emotiva peza *Morgen*, de Richard Strauss.





## **PROGRAMA**

*3 Hölderlin Gedichte* | Wolfgang Rihm | **Estrea en España**

*Ophelia Sings* | Wolfgang Rihm | **Estrea en España**

*The Night In Silence Under Many A Star* | George Crumb

*Letzte Blätter* | Richard Strauss

*El buscador caminante* | Jose María Sánchez-Verdú | **Estrea en Galicia**

*Vier Lieder op.27* | Richard Strauss |

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Luna Celemín** | Intérprete activa no eido da música contemporánea e as artes vivas. O seu traballo destaca pola versatilidade técnica e o seu compromiso con proxectos interdisciplinarios que hibridan a música actual con outras linguaxes performativas.

**Christian Camino** | Pianista especializado no repertorio dos séculos XX e XXI. Desenvolve unha intensa actividade como intérprete de novas linguaxes musicais, colaborando regularmente en proxectos de creación e investigación sonora contemporánea.

# ENTRE FELDMAN

DIRECCIÓN/ARMANDO MERINO

ARXISENSEMBLE

VOZ-PERFORMANCE/ NIÑO DE ELCHE

SOPRANO SOLISTA/ MARGARITA RODRIGUEZ

30/05/2026

PLATÓ VIRTUAL - CIDADE DAS TIC

20:00H

O peche da 9ª edición do Festival RESIS supón unha das apostas máis arriscadas e ambiciosas da súa historia. Baixo o título *Entre Feldman*, o festival presenta un programa de hibridación absoluta onde se dan cita a performance, a electrónica e a música de cámara máis esixente. A proposta vira arredor do concepto de transformación e de novos códigos culturais, establecendo un diálogo entre a voz iconoclasta de Niño de Elche e a precisión sonora do Arxis Ensemble.

Unha experiencia que desborda os límites da música contemporánea tradicional para interpelar directamente á identidade e á memoria do espectador





## **PROGRAMA**

*Voice And Instruments II* | Morton Feldman | **Estrea en España**

*Quartet* | Rebecca Saunders | **Estrea en España**

*Entre Feldman* / Niño de Elche / Hector Cavalliaro | **Estrea absoluta. Encarga do Festival RESIS.**

*Desde dentro* | José Manuel López López | **Estrea en Galicia**

*Arder* | Hugo Gómez-Chao | **Estrea absoluta**

## **EQUIPO ARTÍSTICO**

**Niño de Elche** | **Comunidade Valenciana** | Artista indisciplinar e unha das figuras máis relevantes da creación actual en España. A súa obra desdubuxa as fronteiras entre o flamenco, a música experimental, a performance e a arte contemporánea.

**Arxis Ensemble** | **Galicia** | Formación galega de música contemporánea que se sitúa como un referente de excelencia técnica e compromiso creativo. O seu traballo céntrase na colaboración directa con compositores contemporáneos e no desenvolvemento de proxectos multidisciplinares que inclúen electrónica e artes vivas.

**Margarita Rodríguez** | **Baleares** | Soprano mallorquina recoñecida polo seu timbre brillante e a súa afinación impecable. Combina unha sólida traxectoria no repertorio lírico e antigo cunha destacada presenza na música contemporánea.

**Lois Patiño** | **Galicia** | Artista visual e cineasta, especialmente coñecido pola longametraxe *Costa da Morte* (2013), pola que gañou o premio ao Mellor Director Revelación no Festival Internacional de Cine de Locarno de 2013, e por *Samsara* (2023), coa que gañou o Premio Especial do Xurado na sección Encontros do Festival de Cine de Berlín de 2023.



# PROGRAMACIÓN EXPANDIDA

O Festival RESIS transcende a programación de concertos para converterse nun espazo de encontro multidisciplinar. A través das súas actividades paralelas, o festival busca propiciar o diálogo e a reflexión, achegando ao público aos procesos creativos e aos debates actuais arredor da creación sonora contemporánea.

## **PROXECTOS DIDÁCTICOS**

### **WORKSHOP RESIS.LAB IV | REAL FILHARMONÍA DE GALICIA**

Do 4 ao 7 de maio de 2026 | Lugar: Auditorio de Galicia | Santiago de Compostela

Obradoiro intensivo de mediación pedagóxica e traballo orquestral. Este espazo permite a novos creadores e creadoras traballar man a man coa Real Filharmonía de Galicia, analizando e ensaiando partituras nun contexto profesional. Baixo a guía de mestres de recoñecido prestixio, o workshop fomenta o intercambio de coñecementos técnicos e artísticos, consolidando o compromiso do festival co futuro da composición.

### **PROXECTO DIDÁCTICO INCLUSIVO | A PROXECCIÓN SONORA V**

Docentes: Marco Maril, Juan Lesta

Marzo, abril e maio de 2026 | MUNCYT | A Coruña

A Proxección Sonora é un proxecto inclusivo e colaborativo do Festival RESIS 2026, que busca fomentar a participación de persoas con diversidade funcional na creación sonora e nas artes contemporáneas. Durante os obradoiros, os participantes exploran técnicas de son e composición, promovendo a aprendizaxe, a colaboración e a visibilización do talento creativo de todas as persoas implicadas. O proxecto culminará coa presentación dos resultados o 16 de maio de 2026, amosando as creacións desenvolvidas e celebrando a diversidade e a creatividade colectiva.

A iniciativa conta coa colaboración de EMALCSA e de diversas asociacións de persoas con discapacidade, como ASPRONAGA e FAXPG, e mantén un vínculo estreito co MUNCYT de A Coruña, que apoia o espazo e a difusión do proxecto, reforzando a súa dimensión educativa, cultural e accesible.

## **MASTERCLASSES E OBRADOIROS**

### **ENSAIO ABERTO E MASTERCLASS VOID | NOÈ RODRIGO. ADÉLAÏDE FÉRRIERE**

MARTES 30/04/2026 | AUDITORIO DE GALICIA (Santiago de Compostela)

### **MASTERCLASS DE COMPOSICIÓN CHAYA CZERNOWIN | XOVES 02/05/2026 | A DOMUS**

### **CLASE ABERTA SIGMA PROJECT | XOVES 02/05/2026 | A DOMUS (A Coruña)**

### **CONVERSA SOBRE A IMAXE PERDIDA | HUGO GÓMEZ-CHAO, NIÑO DE ELCHE, LOIS PATIÑO**

VENRES 30/05/2026 | PLATÓ DIXITAL CIDADE DAS TIC (A Coruña)

# PATROCINIOS/ COLABORACIONES

## UN PROXECTO EN REDE

O Festival RESIS consolídase grazas á colaboración estratéxica entre institucións públicas e privadas, actuando no territorio local pero cunha proxección internacional que sitúa á Coruña como un referente da creación contemporánea e da vangarda sonora.

Despois de oito anos, o Festival RESIS colaborou e desenvolveu a súa programación grazas a entidades como a prestixiosa **Fundación Ernst von Siemens, Fondazione Luigi Nono Venezia, Fundación Tàpies de Barcelona, RICORDI, Festival Nuova Consonanza de Roma, AECID, Real Academia de España en Roma, Embaixada de España en Italia** e o **Instituto Cervantes de Roma**.

## PATROCINIOS PRINCIPAIS

Concello da Coruña  
Deputación da Coruña  
Turismo da Coruña  
Xunta de Galicia  
INAEM (Ministerio de Cultura)

## COLABORADORES E ALIANZAS

Real Academia de España en Roma  
Círculo de Bellas Artes de Madrid  
Fundación Banco Santander  
w e i t ! neue musik (Weingarten, Alemaña)  
Festival de Música Iberoamericana de Madrid  
Orquesta Sinfónica de Galicia  
Real Filharmonía de Galicia  
Banda Municipal de Música de A Coruña  
Museo de Ciencia e Tecnoloxía MUNCYT  
Museo de Bellas Artes da Coruña  
Fundación Cidade da Cultura  
Teatro Rosalía de Castro  
Teatro Colón  
Fundación Emalcsa  
Conservatorio Superior de Vlgo  
FAXPG  
ASPRONAGA  
GADISA  
Estudios MANS  
Bodegas Petrón  
Zapata y Garrido Asociados

# IMPACTO/ SUSTENTABILIDADE / VALORES

## O COMPROMISO DE RESIS COA SÚA CONTORNA

O Festival RESIS non é só unha plataforma de exhibición musical, senón un proxecto integral que busca transformar a sociedade a través da cultura, o pensamento crítico e a responsabilidade social.

**Impacto mediático e prestixio** | Dende a súa creación, o festival consolidouse como un referente internacional, captando a atención de medios especializados e xeralistas como RTVE, Radio Clásica, ABC, El Cultural e a revista Scherzo, que o define como unha cita ineludible da música contemporánea en España.

**Sustentabilidade e Axenda 2030** | RESIS é un festival comprometido coa protección do planeta. Implementamos unha política de residuo cero, eliminando os plásticos de un só uso e reducindo o consumo de papel en favor de códigos QR e soportes dixitais. Ademais, priorizamos o uso de iluminación de baixo consumo e o fomento do transporte colectivo para o equipo e os artistas.

**Inclusión social: A Proxección Sonora** | A cultura debe ser accesible para todos. A través deste proxecto didáctico e inclusivo, o festival achega a creación sonora a persoas con discapacidade auditiva e intelectual, utilizando tecnoloxía de vangarda como mochilas vibratorias e obradoiros de mediación específicos.

**Motor económico e local** | O festival actúa como un dinamizador da economía coruñesa, fomentando o turismo cultural na primavera e xerando emprego local. Cun equipo de máis de 150 persoas e unha rede de máis de 20 entidades colaboradoras, o proxecto promove o retorno do talento e a formación de novos profesionais.

**Resignificación do patrimonio** | Unho dos achados do festival é a descentralización, levando a música a máis de dez espazos emblemáticos da cidade (desde a Domus ata a Fábrica de Tabacos). Esta estratexia convida ao público a redescubrir o patrimonio arquitectónico e paisaxístico da Coruña desde unha mirada nova e sonora.

# EQUIPO RESIS

Dirección Artística: | Hugo Gómez-Chao Porta

Presidencia AÍS | Clara Porta Soler

Coordinación Artística | Noè Rodrigo Gisbert

Proxectos Internacionais | Cristina Esteras

Desenvolvemento de Proxectos | Manuel de Alvarado Molano

Xestión Económica | Mayka González Mouriño

Deseño e Fotografía | Xurxo Gómez-Chao

Prensa e Comunicación | David Saavedra

Contidos web | Paloma Rodríguez

Iluminación | Laura Iturralde



**RE  
CORUS**

FESTIVAL MÚSICA  
CONTEMPORÁNEA  
A CORUÑA

**A CORUÑA CONSOLÍDASE COMO CAPITAL DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA  
NA IX EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL RESIS 2026  
DO 23 DE ABRIL AO 30 DE MAIO**

Do 23 de abril ao 30 de maio poderanse presenciar nove concertos, con **doce obras en estrea absoluta**.

**Arxis Ensemble** con **Niño de Elche**, **Gallaecia Ensemble** con **KEA Ensemble**, **Sigma Project** e a **Real Filharmonía de Galicia** son algúns dos protagonistas desta convocatoria, que rende homenaxe ao compositor **Morton Feldman**.

Por tercer ano consecutivo, o festival RESIS presenta unha programación expandida en **Madrid** e en **Roma**.

### **A Coruña, 6 de abril de 2026.**

Por noveno ano consecutivo, a primavera coruñesa será a de **RESIS**. O festival, é xa un dos máis prestixiosos a nivel internacional no ámbito da música contemporánea, e presenta unha das súas edicións máis ambiciosas. Como é habitual nel, desborda o puramente musical para dialogar con outras disciplinas artísticas, coa ciencia e coa tecnoloxía, sempre desde unha posición de risco. E, fiel tamén ao seu espírito inicial, celébrase en diferentes espazos da cidade herculina, ao que hai que engadir dous concertos en Santiago de Compostela e unha programación expandida que chegará ao Círculo de Bellas Artes en Madrid e á Real Academia de España en Roma.

### **Centenario de Morton Feldman**

Este ano, o festival rende homenaxe ao compositor estadounidense **Morton Feldman** (1926-1987) no centenario do seu nacemento. Falamos dunha das figuras clave da música do século XX, asociado á escola experimental de Nova York, da que tamén formou parte John Cage. A afinidade da súa figura co espírito de RESIS é notoria, xa que el baseou boa parte da súa obra en buscar a inspiración e o encontro con outros pintores e escritores da súa época. Neste sentido, Rothko Chapel foi unha das súas obras maiores, e esta será a protagonista do **concerto inaugural**, que se celebrará o venres **23 de abril** no **Teatro Rosalía de Castro**.

**Gallaecia Ensemble Barroco**, **KEA Ensemble** e o **Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia**, baixo a dirección de **Enrique Azurza**, protagonizarán esta primeira velada, que tamén inclúe a estrea absoluta de Haeresis, nova composición da galega **Carme Rodríguez**.

A figura homenaxeada será tamén a protagonista do **concerto de clausura**, o sábado **30 de maio**, no **plató virtual da Cidade das TIC**. Alí estrearáse, por encargo do festival, a obra Entre Feldman, composta por **Niño de Elche** e **Héctor Cavalliaro**. Trátase dun proxecto realizado nas residencias artísticas do Gaiás da Cidade da Cultura. O propio **Niño de Elche**, **Arxis Ensemble** e a soprano **Margarita Rodríguez**, baixo a dirección de **Armando Merino** e cunha videocreación a cargo de **Lois Patiño**, serán os protagonistas desa espectacular xornada de peche. Trátase dunha proposta altamente ambiciosa que promete facer historia no festival, unha hibridación absoluta entre performance, música electrónica e de cámara e cinema de vangarda.

### **Un intenso mes de concertos en espazos emblemáticos**

Outro dos puntos máis fortes desta edición será a estrea absoluta de Undersongs, nova obra de **Chaya Czernowin**, unha das compositoras máis relevantes do momento, e que será interpretada por **Sigma Project**. Trátase dun encargo de RESIS en coprodución con certames europeos tan prestixiosos como o Festival de Otoño de Varsovia (Polonia) e weit! neue musik weingarten (Alemaña), e co patrocinio de Siemens.

A **Real Filharmonía de Galicia**, dirixida por **Vimbayi Kaziboni**, a **Banda Municipal da Coruña** baixo a dirección de **Juan Miguel Romero Llopis**, a **Orquestra Sinfónica de Galicia**, dirixida por **Josep Planells**, **Luna Celemín** e **Christian Camino**, completan a programación de concertos, que terá como lugares de intervención espazos emblemáticos como a Domus, o Teatro Colón, o Palacio da Ópera e o Museo de Belas Artes (A Coruña) e o Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela).

**A CORUÑA CONSOLÍDASE COMO CAPITAL DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA  
NA IX EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL RESIS 2026  
DO 23 DE ABRIL AO 30 DE MAIO**

Do 23 de abril ao 30 de maio poderanse presenciar nove concertos, con **doce obras en estrea absoluta**.

**Arxis Ensemble** con **Niño de Elche**, **Gallaecia Ensemble** con **KEA Ensemble**, **Sigma Project** e a **Real Filharmonía de Galicia** son algúns dos protagonistas desta convocatoria, que rende homenaxe ao compositor **Morton Feldman**.

Por tercer ano consecutivo, o festival RESIS presenta unha programación expandida en **Madrid** e en **Roma**.

### **A Coruña, 6 de abril de 2026.**

Por noveno ano consecutivo, a primavera coruñesa será a de **RESIS**. O festival, é xa un dos máis prestixiosos a nivel internacional no ámbito da música contemporánea, e presenta unha das súas edicións máis ambiciosas. Como é habitual nel, desborda o puramente musical para dialogar con outras disciplinas artísticas, coa ciencia e coa tecnoloxía, sempre desde unha posición de risco. E, fiel tamén ao seu espírito inicial, celébrase en diferentes espazos da cidade herculina, ao que hai que engadir dous concertos en Santiago de Compostela e unha programación expandida que chegará ao Círculo de Bellas Artes en Madrid e á Real Academia de España en Roma.

### **Centenario de Morton Feldman**

Este ano, o festival rende homenaxe ao compositor estadounidense **Morton Feldman** (1926-1987) no centenario do seu nacemento. Falamos dunha das figuras clave da música do século XX, asociado á escola experimental de Nova York, da que tamén formou parte John Cage. A afinidade da súa figura co espírito de RESIS é notoria, xa que el baseou boa parte da súa obra en buscar a inspiración e o encontro con outros pintores e escritores da súa época. Neste sentido, Rothko Chapel foi unha das súas obras maiores, e esta será a protagonista do **concerto inaugural**, que se celebrará o venres **23 de abril** no **Teatro Rosalía de Castro**. **Gallaecia Ensemble Barroco**, **KEA Ensemble** e o **Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia**, baixo a dirección de **Enrique Azurza**, protagonizarán esta primeira velada, que tamén inclúe a estrea absoluta de Haeresis, nova composición da galega **Carme Rodríguez**.

A figura homenaxeada será tamén a protagonista do **concerto de clausura**, o sábado **30 de maio**, no **plató virtual da Cidade das TIC**. Alí estrearáse, por encargo do festival, a obra *Entre Feldman*, composta por **Niño de Elche** e **Héctor Cavalliaro**. Trátase dun proxecto realizado nas residencias artísticas do Gaiás da Cidade da Cultura. O propio **Niño de Elche**, **Arxis Ensemble** e a soprano **Margarita Rodríguez**, baixo a dirección de **Armando Merino** e cunha videocreación a cargo de **Lois Patiño**, serán os protagonistas desa espectacular xornada de peche. Trátase dunha proposta altamente ambiciosa que promete facer historia no festival, unha hibridación absoluta entre performance, música electrónica e de cámara e cinema de vangarda.

## Instalacións e proxectos educativos

A Instalación sonora TO HO BOC GE a/v, de **Juan Lesta** e **Marco Maril**, é outro dos encargos do festival, moi vinculado á memoria sonora e á paisaxe natural e industrial da cidade, coa antiga bucina de néboa da Torre de Hércules como elemento central. Nesta edición de RESIS, ademais, volveranse desenvolver os seus dous proxectos educativos.

**A Proxección Sonora**, que busca fomentar a participación de persoas con diversidade funcional na creación musical e artística en colaboración con asociacións locais como ASPRONAGA e FAXPG, incluirá este ano a instalación AQUA MATRIX, arredor do percorrido da auga na Coruña.

E, por cuarto ano consecutivo, celebrarase **RESIS.LAB**, un obradoiro de creación e experimentación para mozos compositores e compositoras que, nesta ocasión, contará como titor co Premio Nacional de Música **José Manuel López López**. Os participantes seleccionados estrearán novas composicións no Auditorio de Galicia xunto á Real Filharmonía o 8 de maio, baixo a dirección de **Armando Merino**.

## Unha programación expandida

En paralelo á programación oficial de RESIS 2026, o festival volve expandirse este ano cos concertos de Niño de Elche e Arxis Ensemble, o 6 de xuño no Círculo de Bellas Artes de Madrid, e en conmemoración do centenario do seu edificio. Pola súa banda, Noè Rodrigo e Margarita Rodríguez estarán ese mesmo mes na Real Academia de España en Roma.

Ademais, RESIS súmase ao **50 aniversario** da **Asociación Cultural Alexandre Bóveda** cunha acción performativa da artista **Ana Gesto** no Aquarium Finisterrae o 23 de maio.

Masterclasses, obradoiros, clases e ensaios abertos, conversatorios e encontros profesionais completan un extenso programa de actividades paralelas.

## Referente da vangarda na cultura galega

RESIS desenvólvese baixo o patrocinio e colaboración de múltiples entidades, tanto públicas como privadas como o Concello da Coruña, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e o Dirección General de Artes Escénicas y Música do Ministerio de Cultura.

Son apoios fundamentais á hora de poñer en valor un festival cuxo éxito se foi consolidando cada ano entre o público, a crítica e os profesionais do medio. RESIS é xa un referente da modernidade e da vangarda, unha proposta colaborativa que amosa o talento dos artistas locais ao tempo que afianza a súa dimensión internacional.

## Entradas

As entradas á maioría dos concertos e actividades serán gratuítas, reservándose en [ataquilla.com](https://ataquilla.com) ou de maneira presencial no quiosco da Praza de Ourense na Coruña.

Só hai dúas excepcións: o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, o 15 de maio no Palacio da Ópera, que será de pago (as localidades para este espectáculo poderanse adquirir tamén en [ataquilla.com](https://ataquilla.com)), e as da Real Filharmonía, o 30 de abril no Auditorio de Galicia, que se poden conseguir [nesta ligazón](#)

## David Saavedra

Comunicación IX Festival RESIS

Tfno: +34 637 083 152

Mail: [resiscomunicacion@gmail.com](mailto:resiscomunicacion@gmail.com)

[www.resisfestival.com](http://www.resisfestival.com)



## Un intenso mes de concertos en espazos emblemáticos

Outro dos puntos máis fortes desta edición será a estrea absoluta de Undersongs, nova obra de **Chaya Czernowin**, unha das compositoras máis relevantes do momento, e que será interpretada por **Sigma Project**. Trátase dun encargo de RESIS en coprodución con certames europeos tan prestixiosos como o Festival de Otoño de Varsovia (Polonia) e weit! neue musik weingarten (Alemaña), e co patrocinio de Siemens.

**A Real Filharmonía de Galicia**, dirixida por **Josep Planells** a Banda Municipal da Coruña baixo a dirección de **Juan Miguel Romero Llopis**, a Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixida por Josep Planells, **Luna Celemín** e **Christian Camino**, completan a programación de concertos, que terá como lugares de intervención espazos emblemáticos como a Domus, o Teatro Colón, **o Palacio da Ópera e o Museo de Belas Artes (A Coruña) e o Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela)**.

## Instalacións e proxectos educativos

A Instalación sonora TO HO BOC GE a/v, de **Juan Lesta** e **Marco Maril**, é outro dos encargos do festival, moi vinculado á memoria sonora e á paisaxe natural e industrial da cidade, coa antiga bucina de néboa da Torre de Hércules como elemento central. Nesta edición de RESIS, ademais, volveranse desenvolver os seus dous proxectos educativos.

**A Proxección Sonora**, que busca fomentar a participación de persoas con diversidade funcional na creación musical e artística en colaboración con asociacións locais como ASPRONAGA e FAXPG, incluírá este ano a instalación AQUA MATRIX, arredor do percorrido da auga na Coruña.

E, por cuarto ano consecutivo, celebrarase **RESIS.LAB**, un obradoiro de creación e experimentación para mozos compositores e compositoras que, nesta ocasión, contará como titor co Premio Nacional de Música **José Manuel López López**. Os participantes seleccionados estrearán novas composicións no Auditorio de Galicia xunto á Real Filharmonía o 8 de maio, baixo a dirección de **Armando Merino**.

## Unha programación expandida

En paralelo á programación oficial de RESIS 2026, o festival volve expandirse este ano cos concertos de Niño de Elche e Arxis Ensemble, o 6 de xuño no Círculo de Bellas Artes de Madrid, e en conmemoración do centenario do seu edificio. Pola súa banda, Noè Rodrigo e Margarita Rodríguez estarán ese mesmo mes na Real Academia de España en Roma.

Ademais, RESIS súmase ao **50 aniversario** da **Asociación Cultural Alexandre Bóveda** cunha acción performativa da artista **Ana Gesto** no Aquarium Finisterrae o 23 de maio.

Masterclasses, obradoiros, clases e ensaios abertos, conversatorios e encontros profesionais completan un extenso programa de actividades paralelas.

## Referente da vangarda na cultura galega

RESIS desenvólvese baixo o patrocinio e colaboración de múltiples entidades, tanto públicas como privadas como o Concello da Coruña, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e o Dirección General de Artes Escénicas y Música do Ministerio de Cultura.

Son apoios fundamentais á hora de poñer en valor un festival cuxo éxito se foi consolidando cada ano entre o público, a crítica e os profesionais do medio. RESIS é xa un referente da modernidade e da vangarda, unha proposta colaborativa que amosa o talento dos artistas locais ao tempo que afianza a súa dimensión internacional.

## Entradas

As entradas á maioría dos concertos e actividades serán gratuítas, reservándose en **ataquilla.com** ou de maneira presencial no quiosco da Praza de Ourense na Coruña.

Só hai tres excepcións: o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, o 15 de maio no Palacio da Ópera, que será de pago (as localidades para este espectáculo poderanse adquirir tamén en [ataquilla.com](http://ataquilla.com)), e as da Real Filharmonía, o 30 de abril no Auditorio de Galicia, que se poden conseguir [nesta ligazón](#), e o concerto da Banda Municipal que é entrada libre ata completar aforo.

David Saavedra

Comunicación IX Festival RESIS

Tfno: +34 637 083 152

Mail: [resiscomunicacion@gmail.com](mailto:resiscomunicacion@gmail.com)

[www.resisfestival.com](http://www.resisfestival.com)

